



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Actuacións Urbanísticas Contemporáneas	Código	630G02060	
Titulación	Grao en Estudos de Arquitectura			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Quinto	Optativa	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Proxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición			
Coordinación	Seoane Prado, Enrique	Correo electrónico	enrique.seoane@udc.es	
Profesorado	Seoane Prado, Enrique Vazquez Mosquera, Jose Manuel	Correo electrónico	enrique.seoane@udc.es jose.vmosquera@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>O curso desenvolverase arredor da globalización da información e da cultura, da mundialización da economía, e do cambio climático como paradigmas da contemporaneidade, que se traducen na explosión da cidade sobre os territorios e na urbanización indiscriminada e na ocupación desde a urbanidade de territorios afastados das cidades (especialmente os territorios litorais) e na percepción desde a óptica, desde a sensibilidade e desde a cultura urbanas de todos os territorios.</p> <p>Cas exposicións teóricas preténdese o estudo e o entendemento dos modos contemporáneos de intervención proxectual urbanística no mundo urbano, periférico, e territorial.</p> <p>As actuacións urbanísticas contemporáneas teñen así moito que ver:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- co entendemento do metabolismo urbano (social e material) e de ciclo pechado nas cidades e no territorio (autoxeneración enerxética, autosuficiencia hídrica e sistemas urbanos de drenaxe sostible, valorización de residuos, sustentabilidade e soberanía alimentaria,...);</li><li>- ca valoración da competencia dos territorios fronte á competitividade entre eles;</li><li>- con modelos alternativos e integrados de mobilidade e de accesibilidade aos bens materiais e culturais;</li><li>- ca valoración da salubridade (cidades saudables e descarbonizadas), da inclusividade fronte á "gentrification" e a "guettification", e da participación cidadadana;</li><li>- ca incorporación da natureza e dos procesos naturais na cidade consolidada, e da infraestruturas e dotacións urbanas no territorio rural (natureza no urbano e urbanidade no territorio), que derivan en actuacións de carácter paisaxístico.</li></ul> <p>O alumnado -en grupo e individualmente- ha de desenvolvernos exercicios, actividades prácticas e prácticas de curso -tanto desde a discusión teórica como desde a necesaria investigación iniciática- para o establecemento de pautas e propostas de intervención urbanística que contemplan e entendan os paradigmas da contemporaneidade a partir do conxunto de clases teóricas sobre os diferentes tipos de proxectos urbanos e territoriais.</p>			



<b>Plan de continxencia</b>	<p>Deseñáronse dous plans de continxencia, en función de dous escenarios diferentes:</p> <p><b>ESCENARIO 1</b></p> <p>Prevese un primeiro escenario no que debido á capacidade das aulas ou outro tipo de razóns non sexa factible a docencia presencial das clases expositivas (sesións maxistrais), en tanto a que docencia interactiva e de obradoiros, ao ser grupos de menor número de alumnos poida seguir impartíndose de xeito presencial.</p> <p>Nesta situación, o único cambio previsto afecta á metodoloxía docente empregada nas sesións maxistrais que se realizarán en formato on line ca axuda da plataforma Teams incluída en Office365.</p> <p>No hai cambios nos contidos da materia, nin nos mecanismos de atención personalizada ao alumnado, nin nos criterios de avaliación.</p> <p><b>ESCENARIO 2</b></p> <p>Prevese un segundo escenario no que ante un posible confinamento non sexa factible ningún tipo de docencia presencial. En tal caso, os cambios previstos son os seguintes:</p> <p><b>1. Modificacións nos contidos</b></p> <p>No se realizan cambios</p> <p><b>2. Metodoloxías</b></p> <p>Mantéñense todas, aínda que sexa de xeito non presencial, a través de MOODLE e TEAMS.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Sesión maxistral</li><li>- Discusión dirixida e estudo de casos (computando na avaliación)</li><li>- Traballos tutelados (con atención personalizada e computando na avaliación)</li><li>- Atención personalizada</li></ul> <p>A imposibilidade de continuar utilizando as metodoloxías en formato presencial obriga a adoptar estratexias alternativas que faciliten as aprendizaxes con independencia das posibles continxencias relativas ao equipamento e conexión do alumnado. Polo que se opta por facilitar a través da plataforma Moodle a documentación necesaria para continuar avanzando no programa formativo, e o resto das tarefas efectuaríanse ca axuda da plataforma Teams incluída en Office365.</p> <p><b>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</b></p> <p>MOODLE será o foro virtual de relación e para compartir contidos, información e traballos.</p> <p>O foro permanecerá aberto durante todo o período lectivo, respondendo o profesorado ás posibles consultas tanto durante as sesións virtuais, como durante o horario oficial de titorías.</p> <p>TEAMS usarase para reunións virtuais e canles de comunicación.</p> <p>Manteranse abertas as canles de comunicación (xeral e por grupos) para que o alumnado poida formular consultas.</p> <p>As titorías continuaránse a partir das plataformas TEAMS e MOODLE, en sesións semanais durante o horario de titorías, e outras sesións a concertar a través do correo electrónico</p> <p><b>4. Modificacións na avaliación</b></p> <p>Mantéñense os criterios de avaliación indicados e non se modifican as porcentaxes nin os conceptos avaliados.</p> <p>Los alumnos que por causas justificadas relativas al equipamiento informático o de conexión, debidamente acreditadas, no pudiesen realizar los exámenes correspondientes a las pruebas mixtas en línea, tendrán derecho a la realización de dichas pruebas mixtas de forma oral, siendo requisito imprescindible solicitarlo mediante correo electrónico el mismo día del examen, tras lo que serán oportunamente convocados para su realización.</p> <p><b>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</b></p> <p>No se realizan cambios. Mantéñense as fontes de información subministradas.</p>
-----------------------------	---



Código	Competencias do título
A35	Capacidade para a concepción, a práctica e desenvolvemento de proxectos urbanos. (T)
A37	Capacidade para elaborar programas funcionais de edificios e espazos urbanos. (T)
A45	Capacidade para deseñar e executar trazados urbanos e proxectos de urbanización, xardinería e paisaxe. (T)
A46	Capacidade para aplicar normas e ordenanzas urbanísticas.
A52	Coñecemento axeitado da ecoloxía, a sostibilidade e os principios de conservación de recursos enerxéticos e medioambientais.
A53	Coñecemento axeitado das tradicións arquitectónicas, urbanísticas e paisaxísticas da cultura occidental, así como dos seus fundamentos técnicos, climáticos, económicos, sociais e ideolóxicos.
A55	Coñecemento axeitado da relación entre os patróns culturais e as responsabilidades sociais do arquitecto.
A58	Coñecemento axeitado dos fundamentos metodolóxicos do planeamento urbano e a ordenación territorial e metropolitana.
A59	Coñecemento dos mecanismos de redacción e xestión dos planos urbanísticos a calquera escala.
A69	Coñecemento avanzado de aspectos específicos da materia de Urbanismo no contemplados expresamente na Orde EDU/2075/2010
B1	Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adoita atoparse a un nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
B2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dun xeito profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado
B5	Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
B8	Coñecer o urbanismo e as técnicas aplicadas no proceso de planificación
B12	Comprender as relacións entre as persoas e os edificios e entre estes e o seu entorno, así como a necesidade de relacionar os edificios e os espazos situados entre eles en función das necesidades e da escala humana
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para o aprendizaxe ao longo da súa vida
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia do aprendizaxe ao longo da vida
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
coñecemento dos diferentes xeitos contemporáneos de intervir na cidade e no territorio	A35	B1	C3
	A37	B2	C4
	A45	B3	C6
	A46	B4	
	A52	B5	
	A53	B8	
	A55	B12	
	A58		
	A59		
	A69		



capacidade para analizar e propoñer actuacións urbanísticas en diferentes áreas urbanas, periurbanas ou territoriais	A35 A37 A45 A46 A52 A53 A55 A58 A59 A69	B1 B2 B3 B4 B5 B8 B12	C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8
Capacidade dialéctica, discursiva, expositiva para a participación nos debates para a exposición e defensa dos traballos e actividades prácticas	A35 A37 A45 A46 A52 A53 A55 A58 A59 A69	B1 B2 B3 B4 B5 B8 B12	C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8

Contidos	
Temas	Subtemas
Intervencións relacionadas co METABOLISMO URBANO e SOCIAL.	<p>Actuacións vinculadas ao ciclo natural da auga (atmosférica, de superficie e do subsolo) cara á autosuficiencia hídrica e ao manexo da auga de chuva.</p> <p>Actuacións favorecedoras da autoxeración enerxética e da eficiencia do sistema.</p> <p>Actuacións urbanísticas de valorización de residuos.</p> <p>Actuacións de descarbonización das cidades e de medidas contra a contaminación ambiental, atmosférica e acústica.</p>
Actuacións relacionadas ca REDE VERDE (pública, comunitaria e privada) de SOLO PERMEABLE e de ESPAZOS PÚBLICOS INCLUSIVOS INTERCONECTADOS	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Rede VERDE (vexetación) e rede AZUL (auga) compatibles e interconectadas.</li> <li>- Rutas e itinerarios interconectados en rede para un uso de ocio saludable, accesible, democrático e inclusivo.</li> <li>- Topoloxía das redes e distribución, tipos e características dos espazos e as súas envolventes.</li> <li>- Parques e hortas urbanas. Verde comestible. O papel urbano do hinterland das cidades: ocio verde e produción de alimentos de proximidade para mercados en rexións agropolitanas.</li> </ul>
Actuacións RESIDENCIAIS INTEGRADAS en áreas de novo crecemento	<ul style="list-style-type: none"> <li>- ECOBARRIOS</li> <li>- ECODISTRITOS</li> <li>- ECOCIDADES</li> </ul>



Actuacións de intervención integral ou selectiva en áreas degradadas ou singulares e na cidade construída en tecidos obsoletos, relacionados con modos e xeitos contemporáneos de REHABILITACIÓN, REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actuacións en Cidades Históricas, tecidos residenciais tradicionais e Polígonos de Vivenda Colectiva.</li> <li>- Actuacións de planificación e intervención en áreas degradadas de carácter industrial, portuario, ou infraestrutural, para darlles un novo uso territorial ou urbano.</li> <li>- Actuacións de planificación ou intervención en áreas patrimoniais naturais ou culturais do territorio ou de cidades e barrios históricos.</li> <li>- Actuacións de incorporación do litoral fluvial ou marítimo aos usos cívicos da urbanidade e do territorio.</li> </ul>
Plans e proxectos de introdución e reintrodución de COMPLEXIDADE E VARIEDADE de USOS E TECIDOS fronte á "gentrificación", "guetificación" ou tematización de barrios, cidades e territorios.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Turistización e diversos modos de "gentrificación";</li> <li>- Tematización e/ou especialización de cidades, barrios e áreas.</li> <li>- Degradación social, devaluación económica e obsolescencia física e funcional en áreas urbanas e territoriais. Problemas e alternativas.</li> <li>- Proxectos vinculados ao grandes equipamentos e infraestruturas, de enclave urbano ou territorial.</li> </ul>
Actuacións urbanísticas de NOVA VIALIDADE, MOBILIDADE e TRANSPORTE	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Transporte público e/ou colectivo inclusivo en cidades como elemento transformador da accesibilidade e da integración social.</li> <li>- Mobilidade segura e eficiente en diferentes modos de desprazamento.</li> <li>- Compatibilidade e complementariedade dos diferentes modos de transporte.</li> <li>- Abastecemento loxístico e distribución de alimentos, bens e mercadorías.</li> </ul>
Actuacións de carácter PAISAXÍSTICO no TERRITORIO	-Actuacións en paisaxes naturais ou culturais con intervencións cualificadoras e/ou restauradoras de carácter integrador ou selectivo, relacionadas con diferentes xeitos de intervención e de contemplación do territorio e a paisaxe.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A52 A53 A55 A58 A59 A69 B8 B12 C6 C8	20	0	20
Discusión dirixida	B1 B2 B3 B4 C1 C4 C7	10	15	25
Traballos tutelados	A35 A37 A45 A46 B1 B2 B3 B4 B5 B12 C1 C3 C4	20	60	80
Estudo de casos	A52 A53 A55 A58 A59 A69 B8 C3 C5 C8	10	10	20
Atención personalizada		5	0	5

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Clases teóricas para ampliar coñecementos e fomentar a participación e o avance nas actividades prácticas
Discusión dirixida	Debates encamiñados a fomentar no alumnado criterios de razoamento urbanístico
Traballos tutelados	Actividades prácticas a desenvolver polos alumnos durante o curso, que se han de materializar en estudos e propostas de diferentes actuacións urbanísticas.
Estudo de casos	Estudo e análise de actuacións contemporáneas de natureza urbanística a distintas escalas, arredor das temáticas abordadas durante o curso.



## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Discusión dirixida	As discusións dirixidas e os traballos tutelados supoñen o seguimento e asesoramento por parte dos profesores para incentivar no alumnado a investigación persoal e para orientar as propostas creativas fomentando a autocrítica e o avance na capacidade propositiva.

## Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	A52 A53 A55 A58 A59 A69 B8 B12 C6 C8	Clases teóricas para ampliar coñecementos e fomentar a participación e o avance nas actividades prácticas	15
Traballos tutelados	A35 A37 A45 A46 B1 B2 B3 B4 B5 B12 C1 C3 C4	Actividades prácticas a desenvolver polos alumnos durante o curso, que se han de materializar en estudos e propostas de diferentes actuacións urbanísticas.	60
Discusión dirixida	B1 B2 B3 B4 C1 C4 C7	Debates encamiñados a fomentar no alumnado criterios de razoamento urbanístico	15
Estudo de casos	A52 A53 A55 A58 A59 A69 B8 C3 C5 C8	Estudo e análise de actuacións contemporáneas de natureza urbanística a distintas escalas, arredor das temáticas abordadas durante o curso.	10

## Observacións avaliación

Para a segunda oportunidade atenderase a normativa da UDC e será necesario entregar todos os traballos do curso para poder presentarse
--

## Fontes de información

Bibliografía básica	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- AA.VV. (2009-13). DRU 1, 2, 3, 4, 5, 6 e 7. Depto: Proxectos e Urbanismo UDC</li> <li>- Corominas, Sabaté &amp; Sotoca (2007). Planes muy especiales. C. O. Arquitectes de Catalunya</li> <li>- Busquets, J. (2006). Cities X Lines. Harvard University</li> <li>- Batlle, E. (2011). El jardín de la metrópli. GG</li> <li>- AA. VV. (1999). Entornos vitales. GG</li> <li>- Gehl, J. (2009). La humanización del espacio urbano. Ed. Reverté</li> <li>- AA.VV. (2009). La ciudad paseable. CEDEX</li> <li>- AA.VV (1985-92). Revista UR (todos los números). Laboratorio Urbanismo Barcelona</li> <li>- Jaime Lerner (2005). Acupuntura urbana. Institut d'arquitectura avanzada de catalunya</li> <li>- A. Vegara &amp; J.L. de las Rivas (2004). Territorios inteligentes: nuevos horizontes del urbanismo. Fundación Metrópoli Madrid</li> <li>- Salvador Rueda (2012). Guía metodológica para auditar la calidad y sostenibilidad en el medio urbano. Ministerio de Fomento</li> <li>- Paisaje Transversal (2019). Escuchar y transformar la ciudad. Urbanismo colaborativo y participación ciudadana. Catarata. Madrid</li> </ul>



<b>Bibliografía complementaria</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Christopher Alexander (1971). La estructura del medio ambiente. Ed. Tusquets</li><li>- Ian McHarg (2000). Proyectar con la naturaleza. ED. Gustavo Gili</li><li>- Gustavo Duch (2014). No vamos a tragar. Soberanía Alimentaria. Editorial Gustavo Gili</li><li>- Richard Sennet (2018). Construír e Habitar. Ética para uma cidade aberta. Ed. Record. Rio de Janeiro</li><li>- AAVV coord. por A. Font Arellano (2007). La explosión de la ciudad . Ministerio de Vivienda</li><li>- S. Sassen (2003). Contraceografías de la globalización. Ed. Traficantes de Sueños. Madrid</li><li>- J. Sabaté Bel (2002). En la identidad del territorio está su alternativa. OP ingeniería y territorio nº 60</li><li>- Françésc Muñoz (2008). Urbanización. Paisajes comunes. Lugares Globales . Ed. Gustavo Gili</li><li>- Francesco Tonucci (1996). La ciudad de los niños. fundación Rupérez</li><li>- Stephen Coyle (2011). Sustainable and resilient communities. editorial Wiley</li><li>- François Jullien (2010). Las transformaciones silenciosas. Ediciones Bellaterra</li><li>- Philippe Rahm (2020). Arquitectura Meteorológica. Ed. Arquine. Ciudad de México</li><li>- J.Hoyer, W.Dickhaut, L.kronawiter &amp; B.Weber (2011). Water Sensitive Urban Design: Principles and Inspiration for Sustainable Stormwater Management in the City of the Future. Ed. JOVIS</li></ul>
------------------------------------	---

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Urbanística 5/630G02042

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

### Materias que continúan o temario

### Observacións

(\* )A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías